

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



Índice

0. Introducción	4
1. Xustificación.....	4
2. Identificación e valoración das necesidades	6
3. Obxectivos do Plan	10
4. Medidas de actuación	10
4.1. Medidas ordinarias	10
4.1.1. Atención individualizada	11
4.1.2. Prevención das dificultades	11
4.1.3. Estratexias metodolóxicas	12
4.1.4. Plans e programas específicos	13
4.1.5. Reforzo educativo	13
4.1.6. Medidas organizativas	15
4.2. Medidas extraordinarias	16
4.2.1. Intervención de persoal de apoio específico	16
4.2.1.1. Profesorado de PT e AL	16
4.2.1.2. Coidadores/as	17
4.2.2. Adaptacións Curriculares de Acceso	17
4.2.3. Adaptacións Curriculares Significativas (ACi)	18
4.2.4. Permanencia dun ano máis no ciclo	20
4.2.5. Flexibilización do período de escolarización	20
4.2.6. Grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular	20
4.2.7. Escolarización combinada	20
4.3. Medidas específicas a adoptar con determinado tipo de alumnado...	20
4.3.1. Alumnado con discapacidade ou trastornos graves de conduta	20
4.3.2. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe ...	21

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.3.3. Alumnado con altas capacidades	22
4.3.4. Alumnado con integración tardía no sistema educativo español.....	22
4.3.5. Alumnado que por condicións persoais ou de historia escolar presenta necesidades educativas	22
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas	22
6. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro	24
7. Seguimento, avaliación e mellora do plan	24
Anexo 1: Cuestionario para a memoria-avaliación do PXAD	27
Anexo 2: Marco legislativo	29
Anexo 3. PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19	31

0. INTRODUCCIÓN

A atención á diversidade debe ser entendida como o conxunto de actuacións educativas, adaptacións do currículo, medidas organizativas, apoios e reforzos que un centro selecciona, diseña e pon en práctica para proporcionar, tanto entre o conxunto do alumnado do centro a resposta máis axustada ás súas necesidades educativas xerais e particulares, como as propias dificultades que pode supoñer o ensino de certas áreas ou materias, intentando previr posibles dificultades de aprendizaxe. Medidas, en definitiva, dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade vai ser o instrumento que guíe a planificación anual das medidas educativas de atención á diversidade no centro, no marco da Programación Xeral Anual, a partir do cal se dean respostas axeitadas ás necesidades de todo o alumnado, e en particular a aqueles alumnos con Necesidades Educativas co fin de asegurar o dereito individual a unha educación de calidade.

No presente curso escolar 2021/22, seguindo as indicacións do protocolo da Consellería de Educación e o Plan de actuación elaborado polo centro en relación coa situación de crise sanitaria, estableceuse MODIFICACIÓNS respecto das pautas xerais de actuación en relación coa intervención co alumnado que presenta nee/nea. Estas modificacións especifícanse no Anexo 3. PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19.

1. XUSTIFICACIÓN

Marco lexislativo: no Anexo II recolleemos unha escolma da normativa básica que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos.

Cada neno/a é único e singular e a escola debe procurar buscar alternativas dende un modelo educativo que prime a convivencia e que parta do respecto á individualidade e ao ritmo de cada quen. Así, mentres a maioría dos nosos alumnos/as poden recibir atención diversificada de maneira habitual por parte do profesorado, empregando as medidas ordinarias de atención á diversidade, outros/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo temporais (baixa autoestima, bloqueo emocional, dificultades de aprendizaxe, problemas de socialización, etc.) ou necesidades específicas permanentes (déficits cognitivos, visuais, auditivos, etc.) van precisar unha axuda pedagóxica máis axustada ás súas características.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno específico ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver. O CEIP A Maía é un centro de 3 liñas, que se atopa situado en Bertamiráns, concello de Ames, situado ao sur da provincia da Coruña. Este concello duplicou a súa poboación nos últimos 20 anos, contando os seus veciños cunha media de idade de 36 anos. O centro, que está adscrito ao IES de Ames, conta con 9 unidades de Educación Infantil e 18 de Educación Primaria, funciona con xornada única e dispón de servizos de transporte e comedor escolar. A súa infraestrutura física repártese entre dous edificios:

- Edificio de Educación Primaria:

- Planta Baixa: Nela están as salas de dirección, secretaría, conserxería, sala de usos múltiples, biblioteca, aula de inglés, baños para nenos e para nenas, e nove aulas.
- Primeira Planta: Na planta alta hai nove aulas, dúas salas de informática, sala do profesorado, departamento de orientación, aula de música, aula de atención educativa, de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, baños de nenos e de nenas, e baños de mestres e de mestras.

- Edificio de Educación Infantil:

- Planta Baixa: Na planta baixa está a sala de reunións do profesorado, un espazo aberto onde se levan a cabo as clases de psicomotricidade, tres aulas e dous baños.
- Primeira Planta: Nesta hai seis aulas con baño propio, un pequeno espazo dedicado a biblioteca e unha sala de usos múltiples.
- Soto: Ten habilitado un local que se destina a aula de inglés.

No recinto escolar sitúanse ademais os patios exteriores, parcialmente cubertos. O alumnado de de Educación Infantil non comparte patio co de Educación Primaria. Os nenos e nenas de 3 anos teñen un pequeno patio de area, se ben, cando chove, quedan no pórtico de entrada, en tanto os/as de 4 e 5 anos están nunha pista polideportiva que dispón dun pequeno espazo cuberto.

Os recursos humanos dos que dispón o centro son os seguintes: 9 mestres/as-titores/as de Educación Infantil e 2 mestres/as de apoio, 18 mestres/as de Educación Primaria, 2 de Música, 3 de Educación Física, 3 de Lingua Inglesa, 2 especialistas en Pedagogía Terapéutica, 2 especialistas en Audición e Linguaxe, 2 mestres/as de Relixión, 1 orientador/a, 1 conserxe e 2 coidadoras.

O colexio, con 3 liñas por nivel, ten no presente curso 2020/2021 593 alumnos/as. O alumnado de orixe autóctona pertence a niveis socioeconómicos variados, que van dende a clase baixa á media e media-alta.

O alumnado que acode ao Centro é, na súa maioría, da vila de Bertamiráns. As parroquias que compoñen o concello son: Agrón (San Lourenzo), Ameixenda (Santa María), Ames (San Tomé), Bugallido (San Pedro), Covas (Santo Estevo), Lens (San Paio), Ortoño (San Xoán), Piñeiro (San Mamede), Tapia (San Cristovo) e Trasmonte (Santa Mariña).

Nos últimos cursos está a aumentar o nº de alumnado procedente do estranxeiro e tamén de alumnado procedente doutros centros de Galicia e do resto de España que se incorporan ao noso colexio ao longo do curso escolar.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

2.1. Alumnado obxecto do Plan

De xeito sintético, o Plan vai especificamente dirixido a:

- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que require unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:
 - Necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
 - Altas capacidades intelectuais.
 - Incorporación tardía ao sistema educativo.
 - Dificultades específicas de aprendizaxe (lingua escrita, lingua oral, razoamento, etc.).
- Alumnado con desfase curricular de máis dun ano que requira compensación das desigualdades en educación, por factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- Calquera outro alumno/a que nun momento dado requira unha atención específica.

2.1. Actividades de inicio de curso

Cando un titor/a se faga cargo dun novo grupo, reunirase durante o mes de setembro coa titora ou titor anterior para coñecer as características grupais e individuais do curso que vai titorizar. Por outra parte, disporá para a súa consulta de toda a información de anos anteriores acumulada na Secretaría en relación ao seu grupo de alumnado. Ademais, o

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Departamento de Orientación (DO) achegaralle información sobre o alumnado que conte con Informe Psicopedagógico ou doutro tipo de documentación relevante.

Ao comezo do curso, as actividades lectivas enfocaranse cara a realización dunha avaliación inicial. Esta avaliación inicial é unha medida ordinaria de atención á diversidade encamiñada a determinar o nivel xeral do grupo nas distintas áreas, así como as carencias individuais en cada unha delas.

Os beneficios desta avaliación inicial concréntanse nos seguintes ámbitos:

- Manifestación das necesidades educativas do grupo e de cada escolar.
- Establecemento das prioridades de traballo.
- Introducción de adaptacións na programación da área, unha vez coñecida a realidade do alumnado.
- Adopción doutro tipo de medidas que afecten á organización para unha mellor atención á diversidade.

Son responsables desta avaliación inicial as persoas encargadas das titorías e o profesorado especialista das distintas áreas curriculares. Por outra parte, a persoa encargada dunha titoría, manterá unha entrevista coa familia do alumnado de nova incorporación ao centro, a fin de coñecer os seus trazos principais. A modo de suxestión, transcorrido un mes dende a súa incorporación poderase celebrar unha entrevista coa familia para coñecer como se está desenvolvendo o proceso de adaptación ao centro.

2.2 Detección de alumnado con necesidades educativas específicas derivadas de condicións persoais de discapacidade física, psíquica ou sensorial ou graves trastornos da personalidade e da conduta.

Cando unha mestra ou mestre detecte un escolar con problemas condutuais ou de aprendizaxe significativos, porase en marcha un protocolo de actuación que implica unha reunión inicial do titor/a e/ou do equipo docente co Orientador e, no seu caso, unha posterior avaliación psicopedagóxica.

Para implementar a detección e o diagnóstico, contando coa participación dos profesionais que en cada caso se sinalan, empregaremos os seguintes instrumentos e procedementos:

- Entrevistas iniciais da/o titor/a coas familias do alumnado que se incorpora ao centro.
- Información do/a titor/a baseada na avaliación inicial e as observacións realizadas durante as primeiras semanas de curso.
- Observación do profesorado que imparta clase no grupo, utilizando como instrumento un documento especificamente destinado a este propósito.

- Valoración efectuada polo DO a partir da demanda docente ou familiar.
- Derivación a outros servizos (EOE, neuropediatría, paidopsiquiatría, etc.), co obxectivo de clarificar ou delimitar o diagnóstico.

Os resultados obtidos mediante o procedemento que se empregue determinarán:

- O tipo de apoio persoal e/ou material necesarios.
- Necesidade de adaptación significativa e, nese caso, en que áreas.
- A coordinación entre a titoría, o equipo docente e o profesorado específico de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).
- Os criterios de avaliación e seguimento do proceso.

A detección pode ter lugar en momentos anteriores á escolarización no centro educativo. Nestes casos, o noso cometido consistirá en recoller a información que exista, unha vez que o alumno/a se incorpore ao centro. Este labor desenvolverao a xefatura do DO, en colaboración coas mestras de PT, AL e as mestras titoras.

Cando se trate de alumnado que na solicitude de matriculación opte polas prazas de reserva para escolares con necesidades educativas:

- O orientador efectuará unha valoración inicial
- Unha vez elaborado o pertinente informe, enviarase á Inspección, a fin de que se tramite a avaliación do correspondente especialista do EOE, quen emitirá un informe dirixido á Comisión de Escolarización.
- Esta comisión determinará a conveniencia ou non da súa escolarización no centro.
- Emitirase o oportuno Ditame de Escolarización

2.2.1. Alumnado con sobredotación intelectual

Cando se detecte un posible caso de sobredotación intelectual, porase en marcha o mesmo protocolo de actuación que no caso anterior, adoptándose as medidas que se estimen máis adecuadas, tal como se establece no apartado 4.3.3.

2.2.2. Alumnado de integración tardía no sistema educativo español

No caso dos alumnos/as procedentes doutro país, con carácter previo á súa adscrición a un determinado nivel educativo, e mesmo á súa incorporación efectiva a ningunha aula, realizarase unha avaliación inicial da súa competencia curricular. En función dos resultados das correspondentes probas e da súa idade, incorporárase ao nivel e aula

determinado (en ningún caso se producirá a incorporación nun curso inferior aos dous anteriores ao que lle correspondería por idade).

O/A titor/a xunto co Orientador/a recollerán información sobre a situación socio-cultural e familiar do alumno/a mediante entrevistas, tanto coas familias como coas institucións oficiais relevantes para o caso.

O/A Orientador/a complementará a información achegada, se fose o caso, e emitirá un Informe Psicopedagóxico sobre o nivel aptitudinal, estilo de aprendizaxe e metodoloxía máis acorde coas características do alumno/a. A partir desta información determinaranse:

- Modalidades de apoio
- Necesidade de deseñar medidas adaptadas
- Coordinación entre o profesorado
- Criterios de avaliación e seguimento do proceso

2.2.3. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (lingua oral e escrita, coñecementos matemáticos, etc.). Este alumnado deberá contar con:

- Informe do titor/a.
- Informe do orientador.
- Información socio-familiar obtida na entrevista coas familias.
- Valoración do equipo docente sobre as materias con especial dificultade.

A partir destas informacións determinaranse as posibles medidas:

- Adaptacións curriculares que procedan.
- Modalidade de apoio ou reforzo.
- Tipos de actuacións educativas no grupo-clase.
- Coordinación do profesorado das áreas nas que necesite reforzo.
- Criterios de avaliación e seguimento.

2.2.4. Alumnado con desfase curricular de máis dun ano asociado a situacións de desvantaxe sociocultural ou doutra índole

Deste alumnado recollerase a seguinte información:

- Valoración do titor/a sobre a avaliación inicial realizada e a especificación das materias que precisarían dunha adaptación curricular significativa.

- Informe psicopedagógico sobre o nivel aptitudinal, estilo de aprendizaxe e metodoloxía máis acorde coas características do alumno/a, que será elaborado polo orientador.
- Informe da situación socio-cultural e familiar do alumno/a, obtido mediante entrevistas do titor/a e do orientador coas familias e outros organismos oficiais relevantes para o caso.

A partir desta información determinaranse:

- Modalidade de apoio (horarios, características de atención)
- Necesidade de deseñar adaptacións do currículo
- Coordinación entre o profesorado
- Criterios de avaliación e seguimento do proceso

O procedemento para efectuar unha Avaliación Psicopedagóxica será o que segue:

- O titor/a informará acerca da competencia curricular nas áreas instrumentais básicas, necesidades educativas, estilo de aprendizaxe, ademais doutros aspectos relevantes para a atención do escolar.
- O titor/a informará á familia sobre a necesidade de avaliación do seu fillo/a. Previamente a calquera actuación, a familia firmará a súa conformidade ou desconformidade coa solicitude de avaliación.
- En caso afirmativo, o orientador realizará a avaliación.
- Acabada a mesma, informará sobre o resultado ao titor/a (quen informará ao resto do equipo de profesorado) e o/a Xefe/a de Estudos. Ademais, informarase á familia.
- Deixarase constancia por escrito da avaliación no expediente do escolar.

3. OBXECTIVOS DO PLAN

- Incorporar accións cara a prevención das dificultades de aprendizaxe, fundamentalmente na área da linguaxe.
- Facilitarlle ao alumnado en xeral, e particularmente a aquel que presente necesidades educativas especiais, unha resposta coa maior prontitude e o máis adecuada posible, que lle permita optimizar o seu desenvolvemento persoal e social.
- Favorecer o desenvolvemento de propostas metodolóxicas e de avaliación que faciliten unha adaptación ás necesidades de cada escolar.

- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada ao alumnado, especialmente a aquel que presente necesidades educativas especiais
- Articular o asesoramento ás familias sobre actuacións específicas.
- Favorecer a participación e colaboración de nais e pais no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras institucións e asociacións.

4. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

4.1. Medidas ordinarias

Para poder dar resposta ás necesidades de todo o alumnado preséntanse unha serie de medidas en función dos seguintes principios:

1. Atención individualizada.
2. Prevención das dificultades de aprendizaxe.
3. Mecanismos de apoio e reforzo ante as dificultades detectadas.

Ditas medidas están dirixidas aos seguintes ámbitos de actuación: Alumnado, Profesorado, Familias, Centro, Comunidade Educativa e Administración Educativa. O obxectivo destas medidas é tanto a prevención de dificultades de aprendizaxe como a abordaxe, na aula ordinaria, daquelas dificultades susceptibles dun tratamento neste contexto.

4.1.1. Atención individualizada

Dende o Departamento de Orientación facilitaranse, na medida que sexan solicitadas, ben a título individual ou como prioridade incluída no Plan Anual de dito Departamento, as suxestións, propostas e programas necesarios para acadar nas aulas o seguinte:

- Individualizar ao máximo os procesos de ensino-aprendizaxe para respectar os diferentes estilos cognitivos e de aprendizaxe, a través dunha atención personalizada, procurando conxugar a economía docente coa autonomía do discente por medio do uso de estratexias e técnicas para aprender a aprender.
- Destacar a importancia de traballar na aula atendendo a aspectos tales como:

- A motivación a través de actividades funcionais.
- O clima de traballo axeitado, aberto e participativo.
- O fomento dunha autoestima positiva.
- A educación en valores e habilidades sociais.
- As didácticas de aula: Traballo en grupo, actividades curtas e variadas que estimulen o razoamento, distintos recursos, obxectivos a curto prazo, actividades que estimulen o razoamento, o xogo como sistema de aprendizaxe...
- O hábito da lectura.
- O esforzo.
- A implicación familiar.
- ...

Organizaremos a resposta educativa aos alumnos/as en base aos principios de normalización e integración. Por tanto, a primeira atención recíbea o alumnado no seu grupo clase por parte da titora ou titor, pero establecemos medidas máis específicas dirixidas a aquel alumnado ao que non é posible prestarlle a atención adecuada unicamente coa intervención do mestre/a que rexenta a titoría.

4.1.2. Prevención das dificultades

- Programa de Acollida e Adaptación do alumnado de 3 anos de Educación Infantil, levado a cabo nos meses de xuño e setembro polo profesorado de dito nivel.
- Coordinación entre o profesorado de Educación Infantil e 1º Ciclo de Educación Primaria seguindo o establecido no Plan de Transición de Educación Infantil a Educación Primaria.
- Flexibilidade organizativa para realizar agrupamentos, desdobres e/ou apoios –na medida das dispoñibilidades organizativas do centro e baixo a coordinación da xefatura de estudos- para levar a cabo medidas de reforzo educativo, nomeadamente no 1º nivel de Educación Primaria para facilitar a adquisición das técnicas instrumentais.
- Reunión en setembro para trasladar información do grupo de titoría, entre a/s persoas que a exerceron no curso anterior e aquela/s que a van a asumir.
- Reunión do/a orientador/a os primeiros días de setembro cos titores/as de nova incorporación aos grupos e os/as especialistas asignados aos distintos grupos, para informar do alumnado ao seu cargo que presenta necesidades educativas.

- Reunión de avaliación inicial a finais de outubro para os titores de nova incorporación ao grupo e os especialistas que conforman o equipo.
- Reunión mensual do Departamento de Orientación para a coordinación do/a orientador/a cos/as especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Pautas e orientacións para o profesorado ante as reunións xerais e as entrevistas individuais coas familias.
- Colaboración e intercambio de información cos servizos sociosanitarios e centros de procedencia do alumnado. O Departamento de Orientación emitirá informes sempre que sexan solicitados por escrito dende entidades públicas.
- Agrupacións heteroxéneas e equilibradas nas aulas, de acordo co establecido no apartado 4.1.6.

4.1.3. Estratexias metodolóxicas

Entre as medidas ordinarias de tipo curricular dirixidas a previr, compensar e facilitar a superación de dificultades leves, salientamos a importancia de utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe, entre outras:

- Aprendizaxe cooperativa
- Tutoría entre iguais
- Desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe
- Combinación de diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo e outras.

4.1.4. Plans e programas específicos

Estarán dirixidos a facilitar a adaptación e o desenvolvemento emocional, así como a previr as dificultades de aprendizaxe máis comúns no ámbito da linguaxe (conciencia fonolóxica, competencia semántica, comprensión...). Deberán poñerse en marcha, cando menos, os seguintes plans e programas:

- Acollida e adaptación en Educación Infantil
- Plan de Transición de Educación Infantil a Educación Primaria
- Plan de Convivencia
- Plan de Acción Titorial
- Plan de Acollida

4.1.5. Reforzo educativo

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia dos contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Recibirá reforzo o alumnado que presente un desfase curricular ou que atope unha maior dificultade na aprendizaxe de contidos considerados básicos, incluídos hábitos e rutinas no caso de EI. En termos xerais, será impartido polo titor/a e, cando as condicións o permitan, colaborará outro profesorado en coordinación coa titora ou titor. Nestes casos, o alumnado que recibe apoio en cada grupo determíno o titor/a, quen indicará aqueles contidos concretos do currículo que se deben traballar.

A medida desenvolverase con carácter xeral na aula ordinaria, de forma individual ou en pequeno grupo. Con todo, no caso de dificultades específicas de aprendizaxe, poderase intervir fóra da aula ordinaria para reforzar aspectos específicos. As actividades de reforzo formarán parte da programación de aula.

As familias serán informadas das medidas adoptadas e dos obxectivos que se pretenden conseguir. O DO colaborará asesorando sobre a resposta educativa e, nos casos que se considere necesario, realizará unha avaliación psicopedagóxica.

A medida poderá incluír modificacións en:

Metodoloxía

- Partir dos coñecementos previos do alumnado (avaliación inicial).
- Priorización de contidos propios do ciclo.
- Afianzamento de contidos do ciclo ou curso anterior.
- Instauración de contidos específicos de carácter instrumental.
- Modificación ou flexibilización da secuencia de contidos.
- Eliminación de contidos non fundamentais.
- Ensinanza da autoavaliación e da planificación do traballo.
- Adaptación e diversificación de materiais didácticos.
- Flexibilización dos agrupamentos no traballo de aula.
- Intensificación da intervención individualizada.
- Potenciación da titorización entre iguais.

Avaliación

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Actividades e procedementos de avaliación diversificados, adaptados aos diferentes niveis do alumnado.
- Establecemento de criterios mínimos por ciclo.
- Establecemento de criterios de promoción flexibles.

En EI os apoios dirixidos ao reforzo efectuarao o profesorado adscrito con esta función. En EP, a tarefa será implementada por profesorado que dispoña de sesións semanais para dedicar a esta labor. Terá prioridade o apoio no primeiro curso, co fin de reforzar a aprendizaxe das técnicas instrumentais básicas. O apoio directo na aula facilitará a individualización, contribuíndo a unha mellora na aprendizaxe e a favorecer a intervención máis rápida posible ante as dificultades nas técnicas instrumentais básicas.

Profesorado de apoio:

O traballo de dous profesores/as na aula facilita a atención á diversidade do grupo de alumnos/as. Por acordo do titor/a co profesor/a encargado do apoio, poderanse invertir as súas respectivas funcións en relación co grupo e o alumnado que precisa de atención específica.

Será solicitado polos/as titores/as ao inicio de curso e preferentemente no 1º mes do curso ao/á Xefe/a de Estudos, que adscribirá ao profesorado en función da maior dispoñibilidade horaria e respectando, dentro do posible, a pertenza ao mesmo nivel, ciclo ou etapa.

O profesorado de PT e AL poderá intervenir tanto en EP coma en EI cando a dispoñibilidade horaria o permita.

O apoio prolongarase soamente o tempo imprescindible, en tanto persiste a dificultade. Desta maneira, o número de escolares apoiados e as particularidades do apoio están suxeitos a revisión permanente. En todo caso, deberá haber un continuo intercambio de información entre o profesorado que incide sobre o alumnado de reforzo.

A toma de decisións sobre a distribución dos apoios realizarase tendo en conta as necesidades que en cada momento se detecten, valorando cada situación e dando prioridade á intervención naqueles casos que máis o necesiten. Cando non fose posible atender todas as demandas, adoptarase unha decisión pola Xefatura de Estudos e ouvido ou vista a proposta do Xefe do Departamento de Orientación, tendo en consideración as variables mencionadas anteriormente e tratando de satisfacer o maior número posible de necesidades.

As medidas de reforzo reflectiranse no Informe ás Familias e no Expediente Académico como RE xunto á cualificación obtida na materia ou materias de que se trate,

indicando ademais, no apartado de “Observacións” do Informe ás Familias, a persoa que realizou o apoio: profesorado de PT, AL, de nivel ou o propio/a titor.

4.1.6 Medidas organizativas

Aceptando como premisa básica a consideración positiva da diversidade, como un valor en si mesmo, establécense unha serie de criterios pedagóxicos para garantir a distribución equilibrada do alumnado dun nivel nos diferentes grupos-clase contemplando a súa heteroxeneidade, tanto para a súa formación como a posterior modificación dos mesmos.

1. Criterios pedagóxicos para constituír os grupos-clase.

a) O alumnado de 4º de educación infantil colocarse por orde alfabética do primeiro apelido equiparando nenos e nenas.

b) En 1º de primaria colocarse por orde alfabética do 1º apelido de xeito alternativo nos grupos clase (A-A-A / B-B-B...) e equiparando nenos e nenas.

c) En 5º de primaria poranse por orde alfabética do 2º apelido, equiparando nenos e nenas.

d) O alumnado de novo ingreso porase por orde alfabética do 1º ou 2º apelido segundo corresponda e en partes iguais.

e) Colocarase o alumnado repetidor por orde alfabética e a partes iguais.

f) Os cursos que teñan alumnado con n.e.e. de características moi similares (autismo, TDAH...) baixarán a súa ratio a 20 alumnos/as ou 2 alumnos/as menos, sempre que a matrícula o permita.

g) O alumnado estranxeiro pasará polo Departamento de Orientación para que se lle faga unha avaliación inicial e posteriormente decidirse xunto co profesorado do ciclo en que grupo vai estar o neno/a.

Cando sexa necesario, constituiránse grupos de adquisición de linguas.

h) As excepcións a estas normas contemplaranse no último claustro de cada curso académico para ser tidas en conta no vindeiro curso escolar. Os titores e titoras informarán previamente ao Xefe do Departamento de Orientación das necesidades detectadas nalgúns alumnos/as tales como conductas disrutivas, problemática familiar grave, trastornos afectivos... co fin de facer un estudo e xunto co profesorado do respectivo ciclo buscar, se é preciso, a ubicación do devandito alumno/a no próximo curso e posteriormente informar ao claustro.

i) As listas do alumnado pecharanse o 1 de setembro de cada curso escolar e a partir de entóns teranse en conta os seguintes aspectos.

- O alumnado de novo ingreso que veña a partir desta data, incorporárase ao grupo con menos alumnado e tendo en conta o alumnado con n.e.e. que poidan ter os cursos.
- O alumnado con n.e.e. que poida vir, previo informe do departamento de Orientación e xunto co profesorado do ciclo, decidirásese onde ubicalo.
- As listas de alumnado expóranse 3 ou 4 días antes do comezo da actividade lectiva do curso escolar, por petición da AMPA no Consello Escolar.

j) O profesorado aproba estes criterios.

4.2. Medidas extraordinarias

4.2.1. Intervención de persoal de apoio específico

4.2.1.1. Profesorado de PT e AL

As/os especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe intervirán nos casos de necesidades específicas de apoio educativo, cando así se sinale no correspondente Informe Psicopedagógico. Non será necesaria a emisión de informe no caso de dificultades da fala, que serán atendidas polo especialista de AL, sempre que a súa dispoñibilidade horaria o permita. A intervención deste profesorado levarase a cabo dentro da aula á que pertence o alumno/a, realizándose fóra da mesma unicamente cando sexa necesario realizar exercicios logopédicos e/ou actividades que interromperían o normal desenvolvemento da clase no grupo de referencia.

Consideracións sobre os apoios:

- O apoio realizarase dentro da aula ordinaria, por norma xeral. Cando se realicen fóra da aula ordinaria, o titor/a terá en conta esta circunstancia e porá en práctica as medidas que considere oportunas para que o/a alumno/a non se vexa negativamente afectado.
- O número máximo de sesións semanais de apoio fóra da aula será de **8**.
- Cando xurdan novas necesidades de apoio ao alumnado e os horarios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe estean completos, o/a Orientador/a xunto con este profesorado, o/a Xefe/a de Estudos e os titores/as afectados valorarán a conveniencia de reestruturalos ou non en función de ditas necesidades.
- O profesorado-titor adaptará o horario da aula en función das posibilidades de atención ao alumnado por parte dos/das especialistas de PT ou AL.

4.2.1.2. Coidadores/as

Os/as cuidadores/as exercen as funcións que lle son propias, de acordo coa normativa vixente, e colaboran á solicitude do centro na tarefa de atención dentro da aula ao alumnado obxecto da súa intervención.

4.2.2. Adaptacións Curriculares de Acceso

Consisten en modificacións nos recursos materiais ou de comunicación, co fin de facilitar a determinado alumnado con necesidades educativas específicas asociadas a problemáticas de tipo motor ou sensorial (por exemplo un invidente), o desenvolvemento do currículo ordinario ou, no seu caso, dun currículo adaptado.

Teremos en conta a posibilidade de poñer en marcha distintos tipos de adaptacións, segundo as necesidades e trazos do alumnado:

Adaptacións físicas

- Distribución dos escolares no grupo-clase de forma que a súa ubicación facilite o acceso á comunicación e materiais, así como o desprazamento e a atención por parte dos/as docentes.

Adaptación de materiais didácticos

- Facilitar mobiliario ou materiais técnicos específicos.
- Adaptación de materiais escritos, que atinxe á presentación (tamaño e tipo de letra, cor e grosor, espaciados, introdución de esquemas, etc.).
- Introdución de axudas específicas para posibilitar a utilización dos materiais ordinarios, como son dende os accesorios para o lapis ou o papel, ata o ordenador.
- Priorización do uso de técnicas (proxectores, láminas...) e estratexias visuais; escribir no encerado os enunciados e as explicacións pertinentes.
- Segundo a dotación orzamentaria e as necesidades, introdución de melloras que faciliten a comunicación (indicadores luminosos nas aulas, corredores...).
- Emprego de medios informáticos como substitutos doutros útiles (lapis ...).

Comunicación

- Anticipación de contidos nos casos que se considere necesario.

As adaptacións curriculares de acceso enténdense como unha medida extraordinaria cando impliquen unha adaptación significativa de obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Un destes casos sería a utilización de sistemas alternativos de comunicación. O uso destes sistemas servirá tamén para que o resto do alumnado poida ter contacto cos mesmos: descubrilos, ir tomando conciencia de diferentes formas de comunicarse, coñecelos e, en último termo, empregalos.

4.2.3. Adaptacións Curriculares Significativas

Tal como establece a normativa (Orde de 6 de outubro de 1995; Decreto de Atención á Diversidade e a que se fixa nos correspondentes currículos), empregamos esta medida nos casos que requiran modificacións significativas nun ou máis elementos prescritivos do currículo, podendo ser requirida polo alumnado con necesidades educativas especiais, o alumnado con alta capacidade intelectual ou aquel con necesidade específica de apoio.

Referentes utilizados como base para a súa elaboración:

- Necesidades educativas contempladas no informe psicopedagóxico.
- Avaliación curricular.
- Obxectivos mínimos contemplados para ciclos anteriores.
- En función dos trazos específicos do alumno/a, é necesario que na adaptación curricular se contemplen obxectivos relacionados co desenvolvemento integral (habilidades de interacción social, adaptación ao entorno, equilibrio persoal, autoestima...), xunto aos contidos propiamente académicos.

Elementos dunha ACI significativa:

- Datos persoais (Nome e apelidos, data e lugar de nacemento, etapa, curso e ciclo no que está escolarizado, currículo de referencia, período de tempo para o que se propón a adaptación)
- Datos físicos e de saúde
- Datos psicosociais (Nivel intelectual e aptitudinal, trazos de personalidade, intereses, adaptación persoal e social)
- Datos do contorno sociofamiliar
- Datos do contorno escolar (Formas organizativas do centro, organización da aula, relación e participación dos distintos servizos educativos)
- Datos pedagóxicos (Competencias adquiridas respecto do currículo de referencia, necesidades educativas en relación co currículo de referencia, medidas de intervención esgotadas,
- Áreas curriculares adaptadas (Competencias básicas, obxectivos, contidos e criterios de avaliación en cada área)
- Recursos materiais e persoais cos que se conta

- Planificación do seguimento (Data, persoas que interveñen, rendemento, adecuación de recursos e da programación ao remate de cada un dos cursos)
- ANEXOS: Acta da xuntanza para a toma de decisións da ACS; constancia e consentimento de información á familia.

Criterios e procedementos básicos no deseño e desenvolvemento:

- Serán elaboradas, preferentemente no primeiro trimestre do curso, polo/a titor/a que contará coa colaboración do/a orientador/a e outros especialistas: de área, Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- Cando un/ha titor/a remate ciclo e propoña unha ACS para un alumno/a, na última sesión de avaliación, indicará as áreas que deberán ser adaptadas e aportará no expediente do/a alumno/a un informe pormenorizado da súa competencia curricular. Na realización de dito informe participará o profesorado de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e o/a orientador/a.
- A información será recollida pola persoa encargada da titoría e a xefatura do DO
- Deberá existir un Informe Psicopedagógico.
- Levarase a efecto unha reunión do profesorado que imparte clase ao alumno/a, o profesorado de PT/AL, a Xefatura do D.O. e a Xefatura de Estudos, para decidir se procede a elaboración da ACS e en que áreas.
- O titor/a comunicará a decisión á familia.
- O profesorado correspondente a cada área obxecto de adaptación elaborará a ACS, coa colaboración do profesorado de PT e AL, e da xefatura do DO. A proposta trasladarase á Inspección Educativa para a súa solicitude de aprobación.
- A mestra ou mestre que rexente a titoría manterá contactos periódicos co profesorado de PT e/ou AL, co obxecto de coordinar a actuación educativa.
- Cando menos, en cada sesión de avaliación efectuarase unha revisión da evolución escolar seguida polo alumno/a suxeito da ACS.

4.2.4. Permanencia dun ano máis no curso

A decisión sobre a permanencia dun ano máis no mesmo nivel adoptarase tomando como referente os criterios mínimos de avaliación do nivel e os criterios de promoción que figuran na correspondente programación didáctica.

4.2.5. Flexibilización do período de escolarización

As medidas de flexibilización do período de escolarización poden ser de tres tipos: a permanencia excepcional nunha etapa durante un curso máis, a escolarización do/a alumno/a en ata dous niveis por debaixo do que lle correspondería por idade e, por último, o adianto de curso ou redución da duración dunha etapa.

A permanencia excepcional durante un curso máis nunha etapa empregarase co alumnado con necesidades educativas especiais seguindo o establecido na normativa e coa conformidade da familia afectada. A segunda medida poderá poñerse en marcha co alumnado procedente do estranxeiro que o requira e seguindo o establecido no plan específico para este alumnado. A redución nun ano da duración dunha etapa poderá adoptarse con escolares de alta capacidade intelectual e segundo a normativa vixente ao respecto.

4.2.6. Grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular

Este tipo de agrupamentos destínase ao alumnado que procede do estranxeiro, implementándose segundo o establecido no plan para este alumnado.

4.2.7. Escolarización combinada

Como medida específica, está dirixida ao alumnado con necesidades educativas especiais que, despois do preceptivo ditame e coa conformidade das familias, se considere como a opción máis axustada ás súas necesidades, tendo en conta os recursos cos que se conta.

4.3. Medidas específicas a adoptar con determinado tipo de alumnado

4.3.1. Alumnado con discapacidade ou trastornos graves de conduta

- Para determinar con precisión as necesidades que presenta o alumnado con discapacidade ou trastornos graves de conduta e dar resposta axeitada ás mesmas, poderase solicitar a colaboración de:
 - O Equipo de Orientación Específico
 - Servizos socio-sanitarios
 - Outros (ONCE, etc.)
- Protocolos de actuación ante Trastorno por Déficit de Atención e/ou Hiperactividade, negativismo desafiante, Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento...
- Adecuación do centro ás necesidades do alumnado.

4.3.2. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

- Cando un/unha alumno/a presente dificultades de aprendizaxe, o/a titor/a recollerá máis información do/a mesmo/a a través de:
 - Expediente académico
 - Avaliación inicial
 - Actividades e traballos de clase
 - Entrevistas: cos pais e co/a alumno/a, co profesorado especialista e o de cursos anteriores.

Poranse en marcha as medidas de reforzo que se consideren máis oportunas, podendo pedirse a tal fin asesoramento ao profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e/ou Orientador/a.

- Se transcorrido un trimestre, e malia as medidas adoptadas, persisten as dificultades, solicitarase a intervención do Departamento de Orientación para realizar unha avaliación psicopedagóxica, cubrindo e asinando debidamente os modelos de:
 - Solicitud de intervención do Departamento.
 - Autorización dos pais.

Estas demandas serán atendidas por esta orde:

1. Peticións realizadas no pasado curso e que non puideron ser abordadas.
 2. Alumnado “repetidor”, con serio fracaso escolar e/ou susceptible de ACS
 3. Data de realización da demanda.
 4. Alumnado de cursos inferiores.
- Unha vez completada a avaliación psicopedagóxica, o/a Orientador/a comunicará os resultados ao/á titor/a, propondrá as medidas que estime oportunas e informará seguidamente aos pais do/a alumno/a.

Os cambios en ditas medidas e a súa duración dependerán da efectividade observada ao longo da súa posta en práctica, considerando necesario, en moitos casos, deixar transcorrer un período de 6 meses para facer unha valoración definitiva. Un referente importante serán as avaliacións trimestrais.

4.3.3. Alumnado con altas capacidades

- Requirirase a intervención do Equipo de Orientación Específico a través do Servizo de Inspección Educativa para completar a avaliación psicopedagóxica e orientar no relativo ás medidas máis axeitadas a fin de axustar a resposta educativa ás necesidades que presenta:

- ACS de ampliación ou enriquecemento vertical (aumento de contidos).
- ACS de enriquecemento horizontal (profundización e realización de interconexións entre contidos).
- Anticipación da escolaridade obrigatoria.
- Redución da duración total da escolaridade obrigatoria.

4.3.4. Alumnado con integración tardía no sistema educativo español

- Ver apartado 2.3.2 e/ou Plan de Acollida e Integración do alumnado procedente do estranxeiro.

4.3.5. Alumnado que por condicións persoais ou de historia escolar presenta n.e.e.

- Plan de Acollida
- Valorarase a necesidade de apoio, proporcionándoo aínda cando non exista déficit cognitivo, a fin de intentar paliar as consecuencias que puideran derivarse dalgunha circunstancia particular (vida inestable, falta de atención por parte da familia...).
- Protocolo de actuación ante situacións de absentismo escolar: Cando un/unha titor/a observe a falta reiterada (dez días sen xustificar) de asistencia dun alumno á clase:
 1. Poñerase en contacto coa familia para dar/recabar información. Caso de que a situación persista:
 2. O/A Orientador/a entrevistarse cos pais do/da alumno/a e ademais comunicaralles as medidas que se irán adoptando, segundo figuran no presente protocolo, no caso de que o absentismo continúe. De non acadar solución:
 3. A Dirección realizará un requirimento oficial á familia. De non producirse resposta satisfactoria:
 4. A Dirección remitirá aos Servizos Sociais do Concello o modelo-informe sobre absentismo escolar debidamente cumprimentado e notificará así mesmo esta situación á Inspección Educativa.
- Colaboración cos servizos socio-sanitarios.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Como criterios prioritarios á hora de establecer os reforzos a cargo do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición en Linguaxe, consideraremos os seguintes:

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Atenderase de forma preferente ao alumnado que conte cun Informe Psicopedagógico que así o determine.
2. En segundo lugar, aquel alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular Significativa.
3. Darase continuidade aos apoios realizados no curso anterior.
4. Priorizaranse os correspondentes aos cursos inferiores.
5. En Educación Infantil potenciarase a atención con carácter preventivo, atendendo aqueles casos de maior gravidade, determinados no correspondente informe.
6. Atenderase con reforzo educativo prioritariamente o alumnado que repita curso.
7. Buscarase máis un apoio de calidade que de cantidade.
8. O apoio será, sempre que sexa posible, dentro da aula. Poderá saír da aula unicamente aquel alumnado que conte cun Informe xustificativo desta necesidade.
9. Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Linguaxe e Matemáticas, de conformidade coa adaptación curricular elaborada polo titor ou mestre de cada unha destas áreas, en coordinación co profesorado de apoio.

Ademais do anteriormente exposto, na atención ás necesidades de Reforzo Educativo, respectaranse os seguintes principios:

- Como norma xeral, o alumnado con necesidades educativas máis importantes, recibirá maior número de horas de apoio. Intentarase que un mesmo alumno/a sexa atendido polo menor número posible de profesionais.
- Cando as condicións e necesidades do centro o permitan, o profesorado dedicará algunhas das horas de garda a apoio noutra/s aula/s .
- Sempre que sexa posible, traballarase individualmente fóra da aula ordinaria nos casos que polos seus trazos non sexa adecuado o agrupamento de escolares: por dificultades de atención, pola especificidade do traballo a realizar ou por problemas de conduta.
- Os agrupamentos para a intervención fóra da aula ordinaria con alumnado con n.e.e. e/ou con dificultades específicas realizaranse segundo as necesidades educativas do alumnado co que se intervén e os recursos dispoñibles.
- Cando o permita a organización do centro, os apoios realizaranse en horas que non sexan de especialidades. En todo caso, evitaremos que se desenvolvan nas especialidades de EF, Plástica, Música e Relixión por contar con menor carga horaria

semanal. En todo caso, evitaremos a súa utilización en todas as sesións dunha mesma materia.

- Sempre que se poida, procurarase adaptar o horario de clase ordinaria, exceptuando o das especialidades, para facilitar traballar a mesma área co alumnado que queda en clase e co que se apoia fóra.
- Ao remate de cada curso, de cara á organización do seguinte, levarase a cabo unha previsión sobre a cantidade de horas de apoio para os escolares, en función das necesidades.

6. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

As familias recibirán información e serán oídas en todas aquelas decisións que se tomen en relación coas medidas a poñer en marcha para a mellora das aprendizaxes dos seus fillos e fillas, calquera que elas sexan. Será precisa ademais a súa colaboración co profesorado na posta en marcha e seguimento de todas elas, tanto no ámbito escolar como no familiar. No caso particular de flexibilización da duración dos ciclos e etapas para o alumnado con superdotación intelectual, é preceptiva a conformidade familiar por escrito.

Debido a que no centro está escolarizado alumnado que recibe tratamento ou co que interveñen profesionais externos, e indispensable manter contactos periódicos cos mesmos. A tal fin, deberemos coidar a comunicación con:

- Servizos sociais do concello.
- Servizos de neuropsiquiatría, paidopsiquiatría e atención temperá do CHUS.
- Atención temperá na Facultade de Psicoloxía.
- Profesionais da psicoloxía e pedagogía que traballan en despachos privados.
- Asociacións específicas para alumnado con diversos trastornos (TEA, TDAH, Dislexia, etc)
- Fundación DOWN

7. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

En función das actuacións e medidas establecidas, valoraremos o grao de cumprimento e as dificultades atopadas, coa finalidade de realizar as propostas de mellora máis apropiadas. Isto implica valorar recursos (necesidades, aproveitamento dos mesmos, etc.), obxectivos, actividades ou medidas empregadas, plans desenvolvidos, implicación dos axentes involucrados, entre outras posibles variables.

No boletín trimestral de información ás familias, recollerase cualitativa e cuantitativamente o grao de consecución dos obxectivos programados para o correspondente trimestre. No caso do alumnado que reciba reforzo de PT e/ou AL, nese informe de avaliación terase en conta a valoración do profesorado especialista responsable dese reforzo.

Efectuaremos unha valoración a finais de cada curso en reunións ao efecto no DO, na CCP e o Claustro, tanto no relativo aos resultados obtidos polo alumnado afectado polo Plan como á avaliación do Plan propiamente dito. A avaliación realizarase tendo en conta os datos aportados polos ciclos, o profesorado de apoio, o equipo directivo e o/a orientador/a.

7.1. Criterios de avaliación

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, relaciónanse directamente cos obxectivos formulados nel e que veñen determinados por:

- a) A realización das actuacións previstas.
- b) A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- c) A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- d) O grao de axuste á realidade do colexio.
- e) A resposta á diversidade.
- f) O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- g) A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- h) A relación cos axentes externos.
- i) O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- j) A promoción e apoio á convivencia.

7.2. Procedementos e instrumentos de avaliación do Plan

Para a avaliación deste plan utilizaremos os seguintes procedementos e/ou instrumentos:

- a) As reunións de coordinación.
- b) Cuestionarios.
- c) Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico.
- d) Entrevistas.
- e) Análise do clima de convivencia no centro.

- f) Memorias finais.
- g) Análise de documentos.
- h) Análise de tarefas

Que nos darán información acerca de:

- i) Desenvolvemento das accións prioritarias.
- j) As accións previstas e non realizadas.
- k) As modificacións e/ou actuacións introducidas.
- l) Reunións celebradas.
- m) Participación nas reunións do Departamento.
- n) O número de demandas recibidas.
- o) O número de demandas atendidas.
- p) Instrumentos e/ou documentos elaborados.
- q) Outras que poidan ser de interese.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Anexo 1: Cuestionario para a memoria-avaliación do plan xeral de atención á diversidade

Ano académico: 20__-20__

ETAPA: _____

NIVEL: _____

A/ RESPECTO DA ATENCIÓN NO CASO DO ALUMNADO CON NEAE E DOS CRITERIOS NA DECISIÓN SOBRE A NON PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Número de alumnos con RE sen apoio	
Número de alumnos con RE con apoio de Pedagogía Terapéutica	
Número de alumnos con RE con apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria	
Número de alumnos estranxeiros que foron obxecto dalgunha medida curricular ou organizativa de atención específica	
Número de alumnos que foron avaliados psicopedagoxicamente	
Número de alumnos con AC	
Número de alumnos que non promocionaron ao curso seguinte	
Número de alumnos propostos para flexibilizar a súa escolaridade por sobredotación	
Número de alumnos que flexibilizaron a súa escolaridade por sobredotación	
Número de alumnos propostos para prolongar a súa escolarización en EI	
Número de alumnos que prolongaron a súa escolarización en EI	
Número de alumnos propostos para prolongar a súa escolarización ao remate da EP	
Número de alumnos que prolongaron a súa escolarización ao remate de EP	

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

B/ PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
PARA O PRÓXIMO CURSO:

Anexo 2: Marco legislativo

LOMCE: LEI Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, de Educación

LOE: LEI Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación (BOE 4 de Maio de 2006).

Orde do 6 de Outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7/11/1995).

Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (DOG 6/8/1996).

Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996).

Orde do 31 de Outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización (DOG 19/12/1996).

Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/4/1998).

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG 31/7/1998).

Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG 30/1/2003).

Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/2/2004).

Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas pola LOE.

Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria.

Anexo 3. PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19

O Departamento de Orientación, seguindo as indicacións do protocolo da Consellería de Educación e o Plan de actuación elaborado polo centro, establece as seguintes pautas de actuación en relación coa intervención co alumnado que presenta nee/neae:

1- Evitarase na medida do posible a mestura de alumnado de diferentes grupos de convivencia estable.

1.1- O profesorado especialista de PT e AL non poderá formar grupos de apoio pedagóxico formados por alumnado de distintos grupos de convivencia con similares necesidades. De formarse grupos serán só con alumnado pertencente ao mesmo grupo de convivencia estable.

1.2-Como consecuencia da anterior medida, o profesorado especialista de PT, AL terá una menor dispoñibilidade horaria e reducirá o nº de alumnos/as que pode atender, priorizándose a atención ao alumnado con necesidades educativas

especiais, adaptacións curriculares significativas, importante desfase curricular e outras necesidades en función da súa maior gravidade.

Os alumnos/as que precisen apoio educativo e non poidan ser atendidos polos especialistas de PT/AL recibirán o apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria asignado ao seu grupo de convivencia estable.

1.3- Atención ao alumnado con alteracións da fala (dislalias).

A imposibilidade de agrupar alumnos/as procedentes de diferentes grupos de convivencia estable para a reeducación logopédica reduce a dispoñibilidade horaria do profesorado especialista de AL. En consecuencia, establececese que se priorizará a atención ao alumnado de Educación Primaria (preferentemente dos primeiros cursos) con estas necesidades.

2- Evitarase un maior nº de rotacións de profesorado entre etapas, niveis e grupos de convivencia estable.

2.1- Para evitar un maior nº de desprazamentos de profesorado, o alumnado de Educación Infantil con nee/neae será atendido por un só especialista do Departamento de Orientación, e sempre o mesmo especialista durante todo o curso.

2.2- Sempre que sexa posible, asignarase a cada especialista de PT/AL os apoios de alumnado pertencente aos mesmos grupos de convivencia estable ao longo de todo o curso.

3- Alumnado atendido polo Departamento de Orientación fóra da aula ordinaria.

3.1-Cando se atendan no mesmo espazo a diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientadora, especialistas de PT/AL implementaranse as seguintes medidas:

- Acompañamento e supervisión do alumnado nos cambios de aula.
- Lavado e desinfección de mans á entrada e á saída da aula de apoio.
- Desinfección de mesa, cadeira e material utilizado.
- Ventilación de 15 minutos despois de cada sesión.

4- Uso do material educativo e outros recursos co alumnado de nee.

4.1- Recomendase como norma xeral a conveniencia de asignar un material específico para cada alumno/a, que será gardado e custodiado polo profesorado titor ou especialista, procurando que non sexa utilizado por outros nenos/as.

4.2- Cando sexa necesario compartir o material educativo (Tablet, ordeador, etc), terase que desinfectar antes e despois do seu uso.

4.3- No caso de que o alumnado necesite ter roupa de reposto, cueiros, etc, gardaranse en caixa con tapa no lugar asignado, xunto co resto de material do alumno/a.

5- Uso dos aseos co alumnado de nee.

5.1- O alumnado con nee que non teña autonomía para o uso do baño e necesite o apoio da auxiliar cuidadora usará un aseio específico, non compartido co resto do alumnado. Incrementarase a limpeza e desinfección destes espazos.

6- Uso de máscara co alumnado de nee/nea.

6.1- Co alumnado con nee que por motivos da súa discapacidade non poida levar máscara, ou non a poida manter colocada todo o tempo, adoptaranse as seguintes medidas:

- Dentro da aula de referencia ocupará un lugar axeitado para manter a distancia de seguridade na medida do posible. Evitaranse os desprazamentos innecesarios entre as mesas dos compañeiros e o contacto con eles e os seus materiais cando non leve a máscara posta.

- En todo caso, deberanse establecer con estes alumnos/as rutinas de colocación da máscara e concienciación sobre o seu uso, co obxectivo de que interiorice pouco a pouco a súa utilización.

- Valorarase polo titor/a a colocación de mamparas e o uso de pantalla protectora.

- É conveniente falar cos pais/nais deste alumnado para recordarlles a necesidade dun control riguroso de sintomatoloxía compatible con covid-19 (enquisa prevista no protocolo da Consellería de Educación).

6.2- Cando a reeducación pedagóxica esixa que o alumno/a ou o profesorado non poidan usar a máscara (caso dos especialistas de AL para a reeducación logopédica), procurarase o uso de mampara e pantalla protectora e o mantemento da distancia de seguridade.

7- Supervisión do alumnado con nee/nea

O alumnado con ausencia de autonomía pola súa discapacidade ou con problemas graves de conduta será sempre supervisado para o correcto desenvolvemento das medidas sanitarias contempladas no protocolo covid-19 (acceso ao centro, hixiene de mans, uso do baño, etc.). A supervisión corresponderá á auxiliar cuidadora e/ou ao profesorado que estea ao seu cargo nese momento.

8- Persoal auxiliar cuidador.

Ás auxiliares cuidadoras se lles asignará durante todo o curso un grupo estable de alumnos/as.

A distribución por etapas é a seguinte: 1 auxiliar cuidadora para atender ao alumnado de Educación Infantil. 2 auxiliares cuidadoras para a atención do alumnado de Educación Primaria.

Pautas de funcionamento para a atención á diversidade no suposto de ensinanza NON PRESENCIAL (Suspensión da actividade lectiva ou alumnado que teña que permanecer no seu domicilio)

1. **É responsabilidade do titor/a** a atención académica e emocional do alumnado con nee/neaes que pertenza ao seu grupo clase.
2. O **DO colaborará** cos titores/as na elaboración de materiais, planificación das actividades académicas e planificación da avaliación no caso do alumnado con nee permanente e alumnado con ACS.
O DO colaborará cos Titores/as coas orientacións que se lle soliciten para este alumnado.
3. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo diferentes ás citadas no parágrafo anterior, **deberá seguir en todo momento a planificación curricular que se establezca para o seu grupo de referencia**, sen prexuízo de que se deban implementar as adaptacións non significativas necesarias en función das súas necesidades (TDAH, dislexia, TEA, etc.).
O DO colaborará cos Titores/as coas orientacións que se lle soliciten para este alumnado.
4. O titor/a establecerá mecanismos de **coordinación** co profesorado especialista de Inglés, Música, Educación Física e Relixión para a atención do alumnado con nee/neaes. **Os especialistas enviarán a súa planificación académica para este alumnado ao titor/a e éste/a aos alumnos/as.**
O DO asesorará ao profesorado especialista no que se lle demande.
5. Dadas as peculiaridades do alumnado con nee e por razóns de confidencialidade, cando o plan académico proposto para este alumnado non sexa o mesmo que para o grupo xeral, **NON deberá facerse público** na páxina web do centro nin en plataformas nas que o acceso non sexa restrinxido.
A canle de comunicación entre Titores/as e familias será privada e se consensuará previamente coa familia (correo electrónico, aula virtual con clave numérica, correo ordinario, etc., en función das posibilidades).

10. Outras actuacións do Departamento de Orientación no suposto de ensinanza non presencial.

10.1- O DO elaborará materiais e seleccionará actividades complementarias para os seguintes alumnos/as:

- ✎ Para alumnado de EI e EP con **NEE permanente e alumnado con Adaptacións Curriculares**.
- ✎ Para os alumnos/as que estean a recibir apoio fóra da aula polas especialistas de PT. e AL.
- ✎ Para alumnado con **Altas Capacidades Intelectuais** (proposta de actividades de enriquecemento lúdicas, creativas, de investigación).
- ✎ Para alumnado con **TDAH ou Dislexia**, proposta de actividades lúdicas para reforzar estas dificultades. Estas actividades serán complementarias ás enviadas polos titores, NUNCA serán substitutivas das mesmas.
- ✎ Para alumnado con **dislalias**, recomendación de actividades xenérica.
- ✎ Para alumnado con Trastorno Específico da Aprendizaxe das Matemáticas.

Facilitaranse pautas de actuación xerais de **organización do tempo** durante o confinamento e de **educación emocional**.

10.2- Adaptacións na programación e plans de intervención individuais no suposto de ensinanza non presencial.

1- Obxectivos prioritarios:

- Reforzar as áreas instrumentais básicas.
- Asesorar ás familias en canto a estratexias de intervención no fogar, encamiñadas a promover unha continuidade da aprendizaxe.
- Valorar o traballo do alumno/a dentro das súas posibilidades e contribuír ao axeitado desenvolvemento emocional.

2- Metodoloxía:

- Actividades secuenciadas e adaptadas ás posibilidades e capacidades de cada alumno/a.
- Partir sempre do nivel de cada alumno e procurar vincular os contidos escolares coas súas vivencias, asegurando unha aprendizaxe significativa e favorecendo situacións nas que o alumnado poida aplicar ditas aprendizaxes.
- Procurar seleccionar actividades lúdicas e interactivas que aumenten a motivación pola aprendizaxe e o desenvolvemento da creatividade, imaxinación, atención e autonomía.

- Os materiais utilizados serán:

Materiais seleccionados, impresos ou en formato dixital, que se lles enviarán ás familias a través do profesorado titor.

Enlaces a páxinas web con contidos educativos e material audiovisual e multimedia que axude á comprensión e á asimilación dos contidos traballados.

3- Seguimento e valoración do alumnado:

O seguimento do alumnado terá en conta a valoración inicial de cada neno/a para saber dende onde partimos á hora de programar as actividades e se é o caso do informe psicopedagóxico, así como os datos obtidos da información que proporcionan os titores/as sobre o traballo desenvolto.

Procurarase un seguimento continuo de cada alumno/a, facendo as modificacións oportunas no plan de intervención segundo a súa evolución, en coordinación entre o departamento de orientación, titores e especialistas.

Ao final de curso elaborárase un **informe individual** de cada alumno/a, en coordinación co profesorado titor, no que se recollerán: as actuacións desenvoltas, os obxectivos de aprendizaxe acadados, os obxectivos de aprendizaxe que non foi posible acadar e as liñas básicas do plan de intervención para o curso 2021/2022.